

PRAZO DE INSCRICIÓN ATA o 25 de marzo de 2024

Co fin de promover a ensinanza e a aprendizaxe das Matemáticas a través da Resolución de Problemas, organizada por AGAPEMA, convócase a:

OLIMPIADA MATEMÁTICA GALEGA 2024 PARA O ALUMNADO QUE CURSA 2º DA ESO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

BASES

1. Participantes: Poden participar todo o alumnado dos centros educativos de Galicia matriculados en 2º da ESO no curso escolar 2023/24. A efectos territoriais distínguense sete zonas: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

Nesta edición, a Olimpíada Matemática Galega 2º de ESO está dirixida a todo o alumnado do 2º curso da ESO dos centros públicos e privados de Galicia. Cada Centro pode presentar á Fase de Zona dous participantes por cada unha das súas unidades (grupos-clase) de 2º da ESO.

Estabécese **un único período de inscrición** para centros e alumnado. Este único prazo de inscrición rematará o **25 de marzo de 2024**. O cumprimento deste prazo será imprescindible para a obtención do diploma de participación.

A comunicación cos participantes realizarase, salvo que se indique o contrario na inscrición, a través do correo electrónico. Para calquera comunicación coa organización utilizar o correo electrónico olimpiada@agapema.org

2. Comité Coordinador:

- O Comité Coordinador está constituído por membros de AGAPEMA.
- En cada zona constituirase un Comité encargado de orientar a Fase de Centro e organizar a Fase de Zona.
- O Comité Coordinador ten entre as súas funcións nomear o xurado da Fase Final Galega.
- Se en algunha zona hai un número moi baixo de participantes, o Comité Coordinador poderá suprimila como lugar de realización de exame. Se é o caso, avisarase aos posibles afectados, indicándolles en que zona poden participar.

3. Fases da Olimpíada: A Olimpíada constará de tres fases

3.1 Fase de Centro: Esta fase ten lugar en cada Centro que debe poñer en marcha, entre o seu alumnado, todo o proceso de adestramento na Resolución de Problemas tanto a nivel individual como colectivo e, ao remate do mesmo, enviar á Fase de Zona como máximo dous representantes por cada grupo de 2º da ESO.

- Antes do prazo establecido cada centro comunicará os nomes dos participantes cubrindo o formulario (inscrición de alumnos) que se atopa nesta páxina web.

3.2 **Fase de Zona:** Cada Centro participará no lugar que designe a organización en función do número de participantes, procurando que os desprazamentos sexan o máis reducidos posible.

- Terá lugar o xoves, día 25 de abril, ás 11h en todas as sedes (sempre que haxa un número mínimo de 5 centros inscritos na sede correspondente, no caso contrario indícaráselles a zona pola que poden participar). O lugar comunicárselles oportunamente aos centros participantes.
- A proba consistirá na resolución individual de CINCO problemas, os mesmos en todas as zonas. Na valoración dos problemas primará o método de resolución empregado, a súa orixinalidade, etc, por enriba da mera solución.
- Os participantes aportarán o material que consideren necesario na resolución das probas (bolis, calculadora, regras, ...), xa que só se lles facilitará papel DIN-A4.
- Os gastos de desprazamento correrán a cargo dos participantes.

3.3 **Fase Final Galega:** A esta fase final acudirán 40 participantes seleccionados na Fase de Zona, correspondéndolle a cada unha un número de prazas proporcional ó número de participantes presentados en total.

- Esta Fase terá lugar o xoves 23 de maio de 2024 na cidade de Lugo.
- O Xurado da Fase Final encargárase da valoración das probas e designará os gañadores. O seu fallo é inapelable.
- A corrección das probas realizarase asegurando tanto o anonimato de cada participante como o do centro de procedencia. Non se fará pública, en ningún caso, a puntuación obtida por cada participante.
- Os gastos de desprazamento para participar na Fase Final Galega correrán a cargo dos participantes.
- Entregarase un diploma acreditativo a todos os participantes da Fase de Zona e da Fase Final Galega. Os tres participantes individuais con maior destreza na resolución de problemas teñen a opción de participar na final da Olimpíada Matemática Española 2024 que será organizada pola Sociedad Extremeña de Educación Matemática «Ventura Reyes Prósper» entre o 14 e o 18 de xuño. Á devandita final os participantes estarán acompañados por unha persoa da organización.
- Os gastos de desprazamento e estancia na Fase Nacional dos alumnos e alumnas da nosa Comunidade que resulten seleccionados correrán a cargo da organización.

4. Interpretación: A interpretación das presentes bases correspóndelle ao Comité Coordinador.